



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN RELACIÓN COS TRABALLADORES AFECTOS DE PATOLOXÍAS DERIVADAS DA UTILIZACIÓN LABORAL DO AMIANTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou co Instituto Nacional da Seguridade Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a prestación do consentimento das partes, e resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicado no *Boletín Oficial do Estado*.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer actuacións conxuntas entre o Instituto Nacional da Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, destinadas a avaliar con criterios facultativos homoxéneos, o menoscabo funcional e a etioloxía ou continxencia profesional, que presenta o traballador/a afectado/a de patoloxías secundarias á manipulación ou exposición ambiental ao amianto, de forma que a valoración dunha posible situación de incapacidade temporal e/ou permanente e, no seu caso, do grao correspondente de incapacidade, se efectúe con todos os antecedentes e elementos de xuízo necesarios.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que o día 21 de marzo de 2006 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou unha moción, na que se insta á adopción dun plan de medidas globais, especialmente sociais, laborais e administrativas destinadas a paliar a situación dos traballadores afectados de asbestose e a das súas familias.

Que dentro da acción protectora do Sistema de Seguridade Social, na modalidade contributiva, atópanse as prestacións de Incapacidade Temporal e Incapacidade Permanente para o desempeño da actividade laboral que viñeran realizando os traballadores.

Que entre as continxencias determinantes da dita incapacidade, se atopa a de Enfermidade Profesional.

Que segundo o Real decreto 1300/95, do 21 xullo, o Instituto Nacional da Seguridade Social, Entidade Xestora adscrita ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, é o órgano competente para determinar o dereito a percibir as prestacións referidas e a continxencia determinante destas.

Que segundo o artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, esta Comunidade Autónoma asume as competencias en materia de asistencia sanitaria no dito territorio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento





Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

